

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2393 *Orde PRE/222/2009, do 6 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (dispositivos de medición que conteñen mercurio).*

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados químicos. Aprobouse de acordo coa normativa da Unión Europea que regula esta materia, fundamentalmente a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos e polo conxunto das súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de aumentar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente. Mediante esta orde engádesse ao citado anexo I o punto 14 bis (mercurio).

Isto é consecuencia da aprobación da Directiva 2007/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de setembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/769/CEE do Consello no relativo ás restricións á comercialización de determinados dispositivos de medición que conteñen mercurio.

A Unión Europea estableceu en 2005 unha estratexia comunitaria sobre o mercurio na cal considera necesario introducir a escala comunitaria restricións á comercialización de determinados equipamentos de medición e control que conteñen mercurio, de uso polos consumidores. Estas limitacións reportarán beneficios para o ambiente e a longo prazo para a saúde humana, ao evitar que o mercurio entre no fluxo de residuos.

Este é o obxecto desta orde na cal, por motivos de viabilidade técnica e económica, unicamente se aplicarán as limitacións aos dispositivos de medición destinados á venda ao público en xeral e, en particular, a todos os termómetros utilizados como produtos sanitarios para a medición da temperatura corporal. Exceptúanse, polo tanto, os dispositivos de medición de uso profesional (en especial os de uso médico), que non están destinados á medición da temperatura corporal dada a falta de alternativas de substitución e o maior control no seu uso e disposición dos seus residuos. Así mesmo, exceptúanse os dispositivos de medición que teñan máis de cincuenta anos de antigüidade, por ser un comercio de dimensións limitadas que non parece formular riscos para a saúde humana nin para o ambiente.

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2007/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de setembro de 2007, antes citada.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do establecido nos artigos 149.1.16.^a e 23.^a da Constitución, e no artigo 40.5 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade; así como na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, e de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.*

Engádese ao anexo I-parte 1 do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos o punto 14 bis (mercurio) que figura no anexo desta orde coas súas correspondentes limitacións.

Disposición adicional única. *Excepcións.*

As limitacións establecidas nesta orde non se aplicarán aos aparellos de medición que conteñan mercurio que estean en uso con anterioridade ao 3 de abril de 2009 nin aos que fosen comercializados con anterioridade a esa data e se comercialicen con posterioridade no mercado de segunda man.

Disposición transitoria única. *Prazo de aplicación.*

Ata o 2 de abril de 2009 poderán seguir comercializándose os produtos conformes coa normativa anterior.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde trasponse ao dereito español a Directiva 2007/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de setembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/769/CEE do Consello no relativo ás restricións á comercialización de determinados dispositivos de medición que conteñen mercurio.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de febreiro de 2009.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

14. bis. Mercurio. N.º CAS: 7439-97-6.	<p>1) Non se poderá comercializar a partir do 3 de abril de 2009:</p> <p>a) en termómetros utilizados como produtos sanitarios para a medición da temperatura corporal;</p> <p>b) noutros dispositivos de medición destinados á venda ao público en xeral (por exemplo, manómetros, barómetros, esfigmomanómetros e termómetros non médicos).</p> <p>2) A restrición mencionada no punto 1, alínea b), non se aplicará:</p> <p>a) aos dispositivos de medición que teñan máis de 50 anos de antigüidade o 3 de outubro de 2007, ou</p> <p>b) aos barómetros [agás os mencionados na alínea a)] ata o 3 de outubro de 2009.</p> <p>* Estas limitacións non se aplicarán aos aparellos de medición que conteñan mercurio que estean en uso con anterioridade ao 3 de abril de 2009, nin aos que fosen comercializados con anterioridade a esa data e se comercialicen con posterioridade no mercado de segunda man.</p>
---	---